

# DÍA INTERNACIONAL dos MUSEOS

## SÁBADO 16 MAIO

16:30 h. - 19:30 h.

### OBRADOIRO DE TORNO DE OLARÍA E BARRO

Antón Román

Todos os públicos / Soportais / Sen inscrición previa

Obradoiro onde poderás iniciarte na práctica da olaría empregando un torno profesional e tamén realizar en barro réplicas en miniatura da cerámica tradicional galega e de pezas relacionadas coa propia colección do Museo.

18:00 h. - 19:00 h.

### MÚSICAS QUE UNEN

Nicolás Otero

Todos os públicos / Zona exterior / Sen inscrición previa

En relación co lema do Día Internacional dos Museos deste ano, "Museos unindo un mundo dividido", Nicolás Otero interpretará cos seus clarinetes varias pezas musicais inspiradas en culturas de diversas partes do mundo. A linguaxe universal da música trasladándonos a idea de unión entre pobos.

## DOMINGO 17 MAIO

12:00 h. - 13:00 h.

### A RAMONA PEQUENA VAI Á LÚA

Pakolas

Público infantil e familiar / Auditorio / Ata completar capacidade

Neste espectáculo musical, Pakolas, coa súa voz, a guitarra e toda a súa forza interpretativa rockeira, guiará con humor unha divertida viaxe polo seu universo musical no que fomenta a participación e interacción de nenas e nenos.

**DÍA DAS LETRAS GALEGAS** Vídeo-homenaxe a Begoña Caamaño nas nosas RR.SS.

## LUNS 18 MAIO

19:00 h.

### CONFERENCIA DE FRANCISCO PRADO VILAR

#### Carboeiro: historia, espolio e recuperación patrimonial

Todos os públicos / Auditorio / Ata completar capacidade

O valor da investigación na recuperación do patrimonio quedou desmostrado unha vez máis cando F. Prado Vilar sacou á luz documentos probatorios da desaparición duns relevos da igrexa do mosteiro de Carboeiro. O autor falaranos dese proceso e doutros temas afíns.